

# DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

N. Mariño Varela (2004): “O campo semántico da neve”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 517-529.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## O CAMPO SEMÁNTICO DA NEVE

*Nuria Mariño Varela*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Con este relatorio pretendemos facer unha pequena contribución ó estudio do léxico galego, achegándonos ó campo semántico da neve, que malia non ser unha realidade cotiá en todo o territorio, amosa certa complexidade e unha interesante variedade.

O presente estudio baséase, na súa práctica totalidade, no material do *Atlas Lingüístico Galego*, aínda que ás veces, cando resulte enriquecedor, recorramos á información aportada polos traballos de dialectoloxía que sobre a lingua oral se viñeron realizando en distintos puntos de Galicia.

Cómpre indicar, que aínda que a nosa primeira intención era proporcionar unha visión de conxunto sobre o campo semántico da neve, a amplitude e heteroxeneidade da información recollida nas nove preguntas que nos cuestionarios do *ALGa* fan referencia a este campo, provoca que aínda que teñamos presentes tódolos datos, concentrarémola nosa atención tan só nalgúns conceptos específicos.

Posto que a información que sobre a neve se recolle nos cuestionarios do *ALGa*, abrangue dende a pregunta 654 á 662, o contido desta resulta moi variado, remitindo tanto a conceptos máis ou menos específicos: “neve”, “tormenta de neve”, “nevada”, “neve mollada”, “folerpa”, como ás accións vinculadas a este campo meteorolóxico: “nevar”, “calla-la neve”, “caer auganeve” e “caer neve miúda”.

Centrarémonos agora en dúas preguntas que a pesar de non se-las máis complexas, dan moitas das claves de funcionamento do campo léxico xeral. Así a número 662, na que se designan as partículas que caen cando neva, amais de ser unha das máis directamente relacionadas co concepto xeral “neve” e das que maior vitalidade presentan, posúe algúns dos tipos léxicos que se repetirán ó longo de todo o campo semántico. Por outra banda, a 659 que remite á neve mollada, case derretida, aínda sendo menos xeral, permite observa-lo proceso de creación de léxico específico para un concepto non excesivamente abondoso no noso territorio.

Unha vez establecida a delimitación e distribución dos distintos tipos lexicais contrastarémolos nosos resultados coa información proporcionada nalgúns dicionarios e

enciclopedias (*Xerais, Diccionario da Real Academia Galega, Estravís, Ir Indo, Eladio*)<sup>1</sup>, así como no *VOLGA*<sup>2</sup>, para comprobar se as formas por eles recollidas e as acepcións que estas presentan se corresponden cos datos por nós observados.

De seguido, deterémonos máis polo miúdo na análise dos conceptos antes indicados, así como na explicación dos mapas correspondentes:

### 1. DENOMINACIÓNS DE “FARRAPO”<sup>3</sup>

Na pregunta 662 dos cuestionarios do *ALGa*, recóllense os termos empregados para designar cada unha das partículas ou anacos de auga solidificada que se producen cando neva.

As variedades léxicas máis importantes: “felepa”, “farrapo” e “trapo” descendentes de étimos con significados moi semellantes e significantes que se entrecruzan.

O tipo lexical representado por “farrapo” é incluído por Buchmann<sup>4</sup> entre os derivados de FALUPPA, “tea basta, trapo”. Sen embargo Wagner<sup>5</sup> sustenta que se a voz procedese de FALUPPA sería posiblemente por un cruce con “trapo”, aínda que considere máis axeitada a súa relación coa raíz eusquera “zarr-”, presente en “zarapello” (farrapo, trapo vello).

Para Corominas<sup>6</sup>, a voz “farrapo” procede dun antigo verbo FARPAR ou HARPAR de orixe incerta e co significado de “desgarrar”. Tamén, dentro desta mesma familia, inclúe variantes fonéticas que conducen á voz portuguesa “felpa”, á leonesa “falapio” (co significado de trapo) e á tamén portuguesa “flerpa” co significado de “bola de neve”, todas elas directamente relacionadas co noso segundo tipo lexical “felepa”.

<sup>1</sup> M<sup>a</sup>. C. Ares Vázquez *et alii* (1993), *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.  
C. García *et alii* (1990), *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña, RAG / ILG.  
I. A. Estravís *et alii* (1986), *Diccionário da Lingua Galega*, 3 vols., Madrid, Alhama.  
X.G. Feixó Cid *et alii* (1985), *Diccionario da Lingua Galega*, Vigo, Ir Indo.  
E. Rodríguez González (1960), *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* (3 vols.), Vigo, Galaxia.

<sup>2</sup> *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (Versión provisional), [1989].

<sup>3</sup> Os mapas 1, 2 e 3 do anexo corresponden ós mapas 118a, 118b e 118c (“farrapo”) do *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, coordinado por F. Fernández Rei, [A Coruña], Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003. Na redacción deste relatorio baseárame nos borradores deses mapas, inéditos en setembro do 1996.

<sup>4</sup> Sigrid Buschmann (1965): *Beiträge zum etymologischen Wörterbuch des Galizischen (A-F)*, Bonn, Romanisches Seminar der Universität; páx. 274, s.v. *faluppa*.

<sup>5</sup> M. L. Wagner, *ZRPh.* 63, ‘43, 331-32 en Sigrid Buschmann (1965), *Beiträge zum etymologischen Wörterbuch des Galizischen*, páx. 275, s.v. *faluppa*.

<sup>6</sup> J. Corominas e J. A. Pascual (1980), *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, vol. III, páx. 317, s.v. *harapo*.

Sen embargo, cando M. L. Wagner<sup>7</sup> comenta o termo “falopo” do asturiano occidental asócioa non tanto a “harapo” (“farrapo”), se non máis ben ó resultado “de un cruce de *falisca* ‘chispa’, ‘copa’ (germ. FALAWISCA) con *copo*”.

A terceira variedade lexemática “trapo”, procede do latín tardío DRAPPUS, voz de orixe estranxeira en latín, pero indoeuropea, con probabilidade, céltica ou precéltica.

O feito de que os tipos lexicais actuais: “felepa”, “farrapo” e “trapo”, procedan de étimos pertencentes á mesma clase léxica ou a clases lexemáticas moi achegadas que comparten os mesmos significados, provoca unha grande cantidade de cruces de significantes que explica a enorme variedade existente.

Así pois, a carón de “farrapo” temos “farrapa”, “farraspa”, “farrampo”, “ferrepa”, “zarrapo”, “zarrapa” e “zarrampallo”. E xunto a “felepa” aparecen “felerpa” “falepa”, “falerpa”, “falopa”, “faloupa”, “folepa”, “folepo”, “folerpa”, “folerpo”, “folercha”, “fullepa”, “fulipada”, “fiarpa”, “fierpa” e outras formas que a pesar de presentar maior variación fonética tamén podemos incluír neste apartado: “zalopa”, “celopa”, “zalerpa” e “celerpa”.

Se nos centramos nos dous tipos lexicais “felepa” e “farrapo”, podemos ver que son os maioritarios e que se espallan por todo o territorio, aínda que os primeiros predominan ó norte e sur do dominio lingüístico galego (mapa 1), namentres que os segundos o fan no litoral atlántico e nunha franxa horizontal que percorre a zona centro (mapa 2).

Agrupando as variantes do tipo lexical “felepa” podemos ver que as formas que presentan na sílaba inicial unha vocal palatal media (“felepa” e “celepa”) están concentradas principalmente no Norte das provincias da Coruña e Lugo, entre Ortigueira (C-3) e Ribadeo (L-4) e na zona centro, de intersección entre as provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. As que teñen unha vocal central na sílaba inicial (“falepa”, “falopa”, “faloupo” e “faloupo”) sitúanse nunha franxa que vai dende Cedeira e Ferrol (puntos C-2 e C-4 respectivamente), ata Boal (A-4) e Negueira de Muñiz (L-19), espallándose pola parte máis oriental ata chegar ó sur de Ourense. E finalmente, as que presentan na sílaba inicial unha vocal velar media ou pechada (“folepo”, “folerpa”, “folercha” “fulepa” e “fulipada”) están repartidas por toda a provincia de Ourense e Pontevedra. Agora ben, independentemente do criterio anterior, as que posúen unha vibrante no lexema (“falerpa”, “felerpa”, “felerpo”, “folercha” e “fiarpa”) localízanse preferentemente na provincia da Coruña, entre Ferrol, Laracha, Monfero e Oroso (C-7, C-13, C-14 e C-31).

Estes datos, condúcennos á inexistencia de formas claramente maioritarias, o que nos leva a supor que a variante gráfica preferida nos dicionarios “folerpa” responde non tanto a criterios de extensión senón sobre todo, a razóns etimolóxicas.

Tendo en conta o criterio da maior extensión xeográfica, deberíamos cita-lo tipo léxico “copo”, que aparece na parte oriental de Lugo e no galego de León, así coma es-

<sup>7</sup> M. L. Wagner, *ZRPh.* 63, 330-2, citado por J. Corominas e J. A. Pascual (1980), *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, vol. III, páx 318, s.v. *harapo*.

pallado polo resto do territorio (mapa3). Sen embargo, esta forma que segundo Corominas<sup>8</sup> procede do latín vulgar CUPPA co significado de “porción de neve que cae trabada” por aplicación figurada do antigo “copo” (especie de copa ou cunca cilíndrica), non pode considerarse galega.

Os demais tipos léxicos (mapas 2 e 3), malia seren máis minoritarios resultan interesantes, non só para a análise que agora nos ocupa, senón tamén por seren un referente constante na creación de léxico relacionado co campo semántico da neve.

A forma “trapo”, xa comentada anteriormente, localízase non só na costa pontevedresa e noutros puntos da xeografía galega tal como aparece reflectido no mapa, senón que tamén se documenta nos traballos dialectais realizados en Santaia<sup>9</sup> (C-23), Guitiriz<sup>10</sup> (L-17) e Friol<sup>11</sup> (L-20).

As designacións “mantelo” e “mantón” proceden do latín tardío MANTUM “manto curto”, sufrindo probablemente unha redución do significado dende o efecto que provoca na superficie terrestre a caída da neve, xa que nalgúns puntos de Galicia denominan “manta de neve” a capa que se forma no chan cando esta calla.

Esta solución, está presente en tres puntos situados na fronteira entre Lugo e Asturias: A Fonsagrada (L-16), Pesoz (A-6) e Ibias (A-7) e nun punto illado da provincia de Ourense: Vilardevós (O-29).

Atopámonos tamén con designacións que implican noción de conxunto, tamaño moi reducido ou que mesmo se refiren a substancias convertidas en pó.

Entre estas, a clase lexemática constituída por “folla” e os seus derivados: “follaco” e “follato”, procedentes do latín FOLIA, que probablemente adquirisen o significado que a nós nos atinxe metaforicamente, pola semellanza entre as felepas e as follas que caen das árbores no outono. Aparece recollida no Sur de Pontevedra, concretamente en Moaña (P-21), no Porriño (P-26), Salcedo (P-29) e Oia (P-31).

Tamén indicando noción de conxunto, ou de elemento que forma parte dun grupo, cabería mencionalo sintagma “fresas de neve” recollido en Fisterra (C-34), descendente do latín FIBRA, e o substantivo “flores” (significativamente en plural) empregado en Boiro (C-48), proveniente do latín FLORES.

A forma “farelo” empregada en Pontearreas (P-25) e Salcedo de Caselas (P-29), procedente dun FARINA latino, con posterior cambio de sufixo, tamén contén este matiz de

<sup>8</sup> J. Corominas e J. A Pascual (1980), *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, vol. II, páx. 185, s.v. *copa*.

<sup>9</sup> Francisca Varela González (1975), *Fala de Santaia*, (C-23). Memoria de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).

<sup>10</sup> Xesús Pena Seijas (1970), *Vida e fala de Guitiriz (Negradas)*, (L-17). Memoria de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).

<sup>11</sup> Serafín Cortiña Vázquez (1974), *Anotaciones sobre el léxico de Gonze (Friol)*, (L-20). Memoria de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).

“pequenez” e “parte dun todo” do que o *Xerais* en segunda acepción, deixa constancia: “anaquiños dunha cousa branda”.

Noutras ocasións, para rectifica-lo matiz minguante implícito no substantivo, e facer referencia dun xeito neutro, a cada unha das partículas que caen cando neva, faise imprescindible o emprego dun adxectivo que modifique ese valor. Así, en Ribeira (C-49) o adxectivo “gordo” anula o matiz reductor inherente á forma “fáisca”. Este substantivo procede do xermano FALAVISKA “chispa, raio”, por cruce con FALLIVA segundo Meyer Lubke<sup>12</sup>, e con FAVILLA segundo Machado<sup>13</sup>, e posúe entre outros significados o de “muxica” ou “cinza que sobe como lapa”, dende onde se estendería o significado a felepa de neve. Esta idea de diminución queda patente na creación a partir do substantivo “fáisca”, do verbo “fáiscar”, rexistrado na pregunta 661 dos cuestionarios co significado de “caer neve miúda, espuviscar”<sup>14</sup>.

Volvendo xa ós mapas, cómpre salienta-la convivencia nos mesmos puntos de formas distintas. Este fenómeno resulta especialmente evidente na zona máis oriental, onde a denominación castelá “copo” aparece case sempre acompañada do termo galego.

Noutros casos, a existencia de dous tipos léxicos implica diferentes matices de forma e tamaño. Así, en moitos casos, cando coexisten as formas “felepa” e “farrapo” ou as súas variantes, a primeira remite ás partículas máis finas que caen illadas, namentres que a segunda se refire ás partículas cando caen unidas unhas a outras ou medio desfeitas, tal como acontece en Ramirás (O-15) ou na Mezquita (O-24). Sen embargo, non podemos facer xeneralizacións, xa que outras veces acontece o contrario. Deste xeito, en Burón (L-16) os “farrapos” designan as partículas pequenas namentres que as “falopas” (quizais debido á presenza dun morfema de xénero feminino que indica maior tamaño) fan referencia ás máis grandes.

Concluírémola análise deste concepto amosando o desigual tratamento que nos dicionarios consultados presentan os tipos léxicos que o designan:

Namentres que a forma maioritaria “felepa” está rigorosamente recollida en tódolos dicionarios, case sempre baixo a variante “folerpa” pero remitindo a algunha das outras variantes existentes, o resto dos tipos lexicais non teñen unha representación tan homoxénea. Así a forma “farrapo”, a segunda en extensión, malia aparecer como lenda non amosa a acepción relativa á neve nin no *Xerais* nin no *Eladio*. Nomes como “trapo”, “farelo”, “mantelo” ou “flor” tampouco presentan esta acepción en ningún dos dicionarios consultados e “follaca” só o fai no *Eladio* e no *Ir Indo*.

<sup>12</sup> Meyer-Lübke, *Romanisches etymologisches Wörterbuch*, citado por Sigrid Buschmann (1965), *Beiträge zum etymologischen Wörterbuch des Galizischen*, páx. 273, s.v. *falaviska*.

<sup>13</sup> Machado, *Dicionario etimológico da língua portuguesa*, citado por Sigrid Buschmann (1965): *Beiträge zum etymologischen Wörterbuch des Galizischen*, páx. 273, s.v. *falaviska*.

<sup>14</sup> “Faiscar” e “caír fáisca” en Carlos E. Blanco Fernández (1973): *Notas sobre el léxico de Crecente (Pastoriza)*, (L-12). Memoria de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inérita). “Cair fáiscas finas” en María de los Ángeles Fráiz Barreiro (1974): *El léxico de Codeseda*, (P-10). Memoria de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inérita).

Somos conscientes da imposibilidade e inconveniencia de que tódolos tipos léxicos aparezan como lenda ou acepción específica nos dicionarios, é curioso sen embargo, que tipos léxicos tan estendidos como “farrapo” ou en menor medida “trapo” non aparezan nin como acepcións namentres que outros moi minoritarios como “cerello” ou “cerello” só rexistrados en Mesía (C-25) e nos traballos dialectolóxicos realizados en Melide<sup>15</sup> (C-32) e Sobrado<sup>16</sup> (C-28) sexan considerados como sinónimos de “folerpa”.

## 2. DENOMINACIÓNS DE “ZOLDRA”<sup>17</sup>

Tal como anunciabamos, centrarémonos agora na análise da pregunta 659, onde se recollen as formas que designan a neve que despois de callar no chan comeza a licuarse ou derreterse tal como se ve nos mapas 4 e 5 do anexo.

Malia as respostas seren moi variadas pódense reducir a grupos bastante homoxéneos (mapa 5):

Por unha banda están as solucións nas que o concepto é designado mediante a acción verbal: “derreter a neve”, “vaise a neve”, “desfaise a neve” e “descalla-la neve”. Pola outra, as formas que presentan o substantivo “neve” acompañado dalgún modificador que determine as características propias do concepto tratado. Este modificador é ás veces unha cláusula, na cal o máis característico é que o verbo posúe semas que indican a licuación da neve, tendo así “neve que derrete”, “neve que desauga”, “neve que marcha” e “neve que descalla”. Sen embargo, o maioritario é a modificación desenvolvida ben por un participio como “neve derretida”, “esmamelada”, “mollada”, “comida pola auga”, ou por un adxectivo que achega algunhas características propias da neve cando se derrete como “neve branda”, “neve lixeira”, “neve solta”, “neve húmida”, “neve regadío”, “neve boa” ou “neve mixiriqueira”.

Atopámonos tamén, cun grupo bastante numeroso de respostas que vinculan o estado líquido e sólido da auga mediante designacións compostas: “entre auga e neve”, “auga coma neve”, “auga de neve”, “auga nevada” e “auganeve”. Sen embargo, hai factores que poden cuestiona-la súa inclusión como significantes do concepto que agora nos ocupa, xa que os cruces entre esta pregunta (“capa de neve mollada, case derretida”), e a 660 (“caer auganeve”) son evidentes.

Se temos en conta que as solucións “caer auganeve”, “chover auga derretida” e “caer auga de neve”, claramente pertencentes á pregunta 660 (“caer auganeve”) están incluí-

<sup>15</sup> Ramón Fraga García (1968), *Vocabulario de Mellid y cercanías*, (C-32). Memoria de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).

<sup>16</sup> María Teresa Acosta García (1970), *El habla de Piedrafita*, (L-29). Memoria de licenciatura, Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago de Compostela (inédita).

<sup>17</sup> Os mapas 4 e 5 do anexo corresponden ós mapas 115a e 115b (“zoldra”) do *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Véxase nota 3.

das na pregunta agora tratada (“neve mollada case derretida”), e posto que é moi frecuente que como resposta á entrada 660 (caer auganeve) apareza non a acción senón o substantivo “auganeve” correspondente a esa acción, podemos concluír que moi probablemente as respostas: “entre auga e neve” “auga de neve” “auga nevada” e “auganeve” deberan estar incluídas na pregunta 660 (“caer auga neve”) e non na que agora comentamos, motivo este polo cal non aparecen reflectidas no mapa.

A carón das formas xa comentadas, temos outras específicas que recollen de modo sintético a noción de “neve que se está derretendo” (mapa 4), caracterizadas por aportaren semas que indican sucidade e que amosan o proceso de corrupción que sofre a capa branca de neve cando comeza a se desfacer e se transforma en lama ou bulleiro.

Dentro destas, a máis estendida é “zoldra” ou “zotra”, recollida na fronteira entre Lugo e Asturias e curiosamente nun punto do interior de Pontevedra, no Covelo (P-20).

Tamén nos límites de Lugo, esta vez lindando con León, aparece a denominación “letrina” que o mesmo que a variante “latricaina”, recollida no traballo dialectolóxico realizado en Pedrafita<sup>15</sup>, procede do latín LATRINA < LAVATRINA do verbo LAVARE e que o diccionario Xerais recolle en segunda acepción como “cousa sucia, cloaca”.

Na parte máis oriental de Ourense e en dous puntos da provincia de Zamora, aparecen as variantes “zarapallo”, “zarapatel” “zarapallo” e “zarapallada”, probablemente procedentes da voz éuscara “zarrio” (farrapo), e que dun xeito xeral indica mestura desordenada de cousas, larapaxada, significado este, moi próximo ó efecto que provoca a neve ó se desfacer.

Tamén en Vilafranca do Bierzo (Le-2), aparece a forma “calderexada” con significación xeral de comida de mala calidade.

Aínda que as especificacións semánticas lexicalizadas sexan escasas e só se producen en determinados puntos de Galicia, resultaría sen embargo interesante que dicionarios como o *Xerais* e o *Diccionario* da Real Academia Galega recollesen cando menos o tipo léxico máis estendido: “zoldra”.


Xa para concluír, indicaremos algúns dos aspectos que articulan todo o campo léxico da neve, algúns xa adiantados anteriormente:

O feito de que a neve sexa unha realidade pouco frecuente en Galicia e de que teña unha presenza moi desigual no noso territorio, condiciona a distribución das variedades lingüísticas existentes. Deste xeito, os conceptos referidos a realidades extralingüísticas máis xenéricas como “neve” ou “folerpa” presentan variantes propias en todo o territorio, namentres que outros máis específicos como pode se-lo anteriormente comentado “neve case derretida” teñen unha distribución peculiar, xa que na maior parte do territorio lingüístico se parte do termo xenérico (esquemático e extensivo) ó que se lle engade algún tipo de especificación que diminúe a extensión e incrementa a súa intensión, quedando relegados os lexemas específicos ás zonas onde a realidade extralingüística resulta máis familiar, é dicir, ós lugares máis montañosos onde a neve é un fenómeno cotiá.

Tamén é característica común a todo este ámbito de significado a recorrencia a formas léxicas propias do campo semántico doutros fenómenos meteorolóxicos. Así, por exemplo, se observámo-los termos empregados para designa-lo concepto “caer neve miúda” atopámonos con léxico procedente do campo da chuvia: “chuviscar neve”, “caer barruzo conxelado”, do campo da sarabia: “sarabear”, “caer granillo” ou do relacionado cos ventos: “cibriscar”, “acuriscar”, “ventiscar”.

Resulta do mesmo xeito curioso que en Ortigueira (C-3) digan “saraiba”, “saraibar” e “calla-la saraiba” para referirse ó campo da neve e que na Guarda (P-3) se rexistre “helar” no canto de “nevar”. Malia estes cruzamentos poidan ser debidos á escaseza da neve, non deben estrañar, posto que os tipos léxicos representantes dos distintos campos semánticos aparecen constantemente imbricados, debido a que no mundo extralingüístico estes fenómenos forman un *continuum* no que ás veces resulta difícil establecer unidades discretas; así, por sinala-lo caso contrario, comentaremos que en Cambados e Rianxo o tipo léxico “nevada” designa un trebón de auga de chuvia, sexa fría ou non, que no caso de Cambados aplícase especialmente ós trebóns do verán, namentres que en Foz pode referirse á sarabia.

# Anexo



- ◆ fal[ɔ]pa
- ◇ zal[ɔ]pa
- ◊ fal[ɔ]po
- ❖ faloupa
- fal[ɛ]rpa
- ▣ fel[ɛ]rpa
- fol[ɛ]rpa
- ⊞ fol[ɛ]rpo
- ▣ fol[ɛ]rcha


- ⊙ falepa
- felepa
- ⊖ cell[ɛ]pa
- ⊙ fol[ɛ]pa
- ⊙ folepo
- ful[ɛ]pa
- ⊕ fulipa
- ⊕ fulipada

→ véxanse os mapas 118b e 118c

## NOTAS

1. Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 662 'folarpa' do *quest. do ALGa*.
2. Restixrouse *fal[ɛ]pa* en C.4, C.20 e Z.3; *fel[ɛ]pa* en C.3, C.5, C.6, L.3, L.7, L.28, O.10, O.12, O.20 e P.2; *folepa* en L.39, O.4, O.8, O.15 e P.17; *fɔ]lepa* en P.10; *fol[ɛ]po* en O.5; restixrouse a forma en plural en C.9, C.19, C.20, C.32, L.3, L.4, L.6, L.20, L.28, P.1, P.17 e Z.3.
3. En C.28 *felepa* é de uso máis frecuente (véx. o mapa 118b).
4. En L.4 as *felepas* son pequenas.
5. En L.9 *felepa* é de uso máis frecuente (véx. tamén o mapa 118b).

Mapa 1: Mapa 118a (“farrapo”) do *ALGa*




- |                           |                    |
|---------------------------|--------------------|
| ● farrapo                 | ◆ trapo            |
| ● farrapo de n[ɛ]ve       | ◆ trapíos          |
| ● zarrapo                 | ◆ trapos de n[ɛ]ve |
| ⊙ farrampo                | ■ mant[ɛ]lo        |
| ⊙ farrapa                 | ▣ cerellos         |
| ● zarrapa                 | ▣ fargallo         |
| ⊙ bolo de zarrapa/cerrapa | ▣ zarampallo       |
| ⊕ farraspa                | ▲ fiarpo           |
| ⊕ farraspada              | ▼ fiarpa           |
| ○ ferrepa                 | ▼ f[i'ɛ]rpa        |

## NOTAS

1. Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 662 'folarpa' do *quest.* do *ALGa*.
2. Rexístrouse *farrapos de neve* en P.32; *z[æ]rrapa* en C.16; *bolo de z[æ]rrapa* e *c[ɛ]rrapa* en C.12; *cerel[ɛ]los* en C.25; *f[ɪa]rpos* en C.24; *f[ɪa]rpa* en C.29; rexístrouse a forma en plural en C.1, C.20, C.24, C.46, C.47, L.33, P.32, A.1, A.7 e L.e.1; en A.3 *trapos* pero *farrapo*.
3. En C.20 os *farrapos* son máis grandes cás *falepas* (véx. o mapa 118a).
4. En L.32 o *farrampo* é maior cò *copo* (véx. o mapa 118c).
5. En L.33 os *farrapos* son grandes.
6. En O.29 o *mantelo* é maior cá *falepa* (véx. o mapa 118a).
7. En A.3 *trapos* é resposta infrecuente (véx. tamén o mapa 118a).
8. En A.4 os *trapos* son maiores cás *falepas* (véx. o mapa 118a).

Mapa 2: Mapa 118b ("farrapo") do *ALGa*




|                     |                    |
|---------------------|--------------------|
| ■ folla             | ◆ far[ɛ]llo        |
| ▣ follaca           | ▲ flores           |
| ▤ follaco           | ✕ galapo           |
| ▥ follato           | ⊕ fáiſca gorda     |
| ⊗ c[ɔ]lpo           | ⊙ frebas de n[ɛ]ve |
| ⊕ c[ɔ]piños         | ○ n[ɛ]ve gr[ɔ]sa   |
| ⊗ c[ɔ]lpo de n[ɛ]ve | ● torada           |
| ★ coupo             |                    |

## NOTAS

1. Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 662 'follerpa' do *quest.* do *ALGa*.
2. Rexístrouse c[ɔ]lpos en L.23; *copo* en L.25, L.30, L.32, L.39 e P.24; *copos* en L.e.1 e L.e.3; [x]alapo en C.35; fáiſca [x]orda en P.13; n[ɛ]ve [x]r[ɔ]sa en C.49.
3. En C.9 os *copiños* son máis pequenos cás *falterpas* (véx. o mapa 118a).
4. En L.22 rexístrouse *torada* como resposta a esta cuestión, pero normalmente designa unha tormenta de neve ou unha capa de neve.
5. En L.30 o *copo* é máis pequeno có *farrapo* (véx. o mapa 118b).
6. En L.32 rexístrouse tamén *trouso* para designar un montón de neve fei<sup>o</sup> polo aire.
7. En P.25 *farelo* rexístrouse en Padróns (Pontearreas).

Mapa 3: Mapa 118c ("farrapo") do *ALGa*




- |                             |                      |
|-----------------------------|----------------------|
| ■ zoldra                    | ◆ fouliña            |
| ▣ z[ʰ]tra                   | ▽ caldarexada        |
| ⊙ zarrapa/cerrapa derretida | ⊕ letrina            |
| ⊖ zarrapallo                | → véxase o mapa 115b |
| ● zarapallo                 | - s/r                |
| ◐ zarapallada               |                      |
| ○ zarapat[ʰ]l               |                      |

## NOTAS

1. Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 659 'neve mollada, case derretida, zoldra' do *cuest.* do *ALGA*.
2. Rexistrouse z[ʰ]rap[ʰ] derretid[ʰ] e c[ʰ]rap[ʰ] derretid[ʰ] en C.12.
3. En Lc.3 dise que ó derretirse a neve fórmase *fango*.

Mapa4: Mapa 115a (“zoldra”) do *ALGA*



- |                           |                        |
|---------------------------|------------------------|
| ○ n[ε]ve derretida        | ◆ n[ε]ve que derr[ε]te |
| ● n[ε]ve mollada          | ◇ n[ε]ve que descalla  |
| ◉ n[ε]ve húmeda           | ◊ n[ε]ve que desauga   |
| ⊙ n[ε]ve blanda           | ❖ n[ε]ve que marcha    |
| ⊗ n[ε]ve mixiriqu[e]jra   | ■ derretirse a n[ε]ve  |
| ⊕ n[ε]ve esmam[ε]lada     | ▣ descalla-la n[ε]ve   |
| ⊖ n[ε]ve lixeira          | □ desfacerse a n[ε]ve  |
| ⊗ n[ε]ve s[ɔ]lta          | ▤ irse a n[ε]ve        |
| ⊙ n[ε]ve boa              | ⊕ desh[ε]lo            |
| ⊖ n[ε]ve regadio          |                        |
| ⊖ n[ε]ve comida pola auga |                        |

## NOTAS

1. Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 659 'neve mollada, case derretida, zoldra' do *quest.* do ALGa.
2. Rexistrouse *neve derretida* en P.22, P.30 e P.31; *n[ε]ve d[ε]rretida* en P.9 e P.12; *n[ε]ve derretida* en C.1; *n[ε]ve case derretida* en C.14; *n[ε]ve mol[j]ada* en C.29, L.13, L.15, L.34, O.6, P.1, P.27 e A.3; *n[ε]ve re[h]adio* en O.23; *n[ε]ve que desau[h]a* en C.36; *derretirse a n[ε]ve e derreter a n[ε]ve* en L.10; *derr[ε]tese a n[ε]ve* en C.26 e O.11; *derr[ε]je a n[ε]ve* en O.9; *desfaise a n[ε]ve* en C.36; *vaise a n[ε]ve* en O.11.
3. En L.8 *neve húmeda* opónse a *neve seca*, que se mantén sen derretirse.
4. En O.20 apúntase que coa *neve derretida* fórmase o *lazo*.
5. En O.23 a *neve regadio* derretése fronte á *neve seca*, que se mantén.

Mapa5: Mapa 115b ("zoldra") do ALGa